



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Discurso do reitor na presentación
ao Claustro da Memoria de Xestión de 2006**

Señores e señoras claustrais,

Teño a honra de lles presentar a Memoria de Xestión correspondente ao ano 2006. Propóñome non só cumprir co mandato estatutario, mais tamén reforzar o compromiso de transparencia co que comezou, e no que se desenvolve, o meu mandato á fronte da Universidade da Coruña, dende hai pouco máis de tres anos.

Neste tempo, e dun xeito progresivo, fomos potenciando a cantidade e a calidade da información que se recolle no informe anual do reitor ao Claustro. Partimos dunha situación máis ben precaria para unha universidade moderna e estendemos esa política de transparencia a todos os ámbitos, desde as convocatorias de profesorado ata a discusión de orzamentos e de liquidacións e as pautas para distribuír os fondos, por citar algúns exemplos.

Porque non se trata só de achegar os datos que permitan avaliar a xestión do meu equipo de goberno. Cómpre aproveitar, tamén, para remansar as nosas augas universitarias e botar unha ollada ampla sobre nós mesmos. Non só sobre as cuestións de xestión en sentido estrito, senón sobre todos aqueles indicadores que calibran o estado de saúde da nosa Universidade. Calquera proxecto ou obxectivo que nos marquemos soamente terá sentido se é realista. E para actuar así, precisamos coñecer a realidade do modo máis extenso e profundo que sexa posible.

A actividade da Universidade da Coruña durante 2006 recóllese nas preto de 200 páxinas da Memoria –mellorada na súa presentación formal– que vostedes teñen nas súas mans. Inclúense 158 cadros, o que supón incrementar nun 40% os cadros da memoria de 2005. Auméntase o número de cadros de evolución para, como



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

mínimo con información do ano anterior, poder facer un seguimento dos datos básicos, indicadores e actividades principais da UDC.

Inserimos por primeira vez algunha información ata agora non feita pública, como, por citar algúns casos, a correspondente aos grupos de investigación, ao reparto de profesores doutores por centros e por áreas de coñecemento ou ao saneamento das nosas contas. Ademais, todos os capítulos comezan cunha valoración resumida.

En paralelo, refinamos a metodoloxía para ter unha máis fiable imaxe da nosa capacidade de captación de recursos externos para I+D+i. O balance final expresa unha mellora na nosa capacidade de obtención de recursos, debido en boa medida ao incremento de proxectos con financiamento da Xunta de Galicia. Os convenios e contratos con empresas e administracións seguen representando a porcentaxe máis elevada de recursos captados (43%), pero con menor peso específico, porque un 29% ten xa procedencia autonómica.

▶▶▶▶ Ninguén cuestiona que o gran asunto no que estamos embarcadas todas as universidades neste momento é a integración no Espazo Europeo de Educación Superior. Dixen no seu día que enfrontaría este reto –que considero unha gran oportunidade para a Universidade da Coruña– coa máxima participación da comunidade universitaria. E así se está a facer. A transparencia vai da man da corresponsabilidade que todos e todas asumimos para avanzar, pois falamos dunha empresa colectiva. Debo expresarlles a miña satisfacción polo sentido da responsabilidade demostrado por toda a nosa comunidade universitaria que, cun alto grao de participación, vén demostrando a súa capacidade de remar na mesma dirección cando as circunstancias o demandan.

A Universidade da Coruña está razoablemente preparada para ese reto. O 2006 foi un ano de claro fortalecemento das nosas estruturas e das nosas capacidades. Sen dúbida, agora somos máis fortes que hai tres anos.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Non é cousa de repetir os datos que se presentan polo miúdo na Memoria impresa e que están dispoñibles desde a semana pasada na Rede, pero si que quero abundar nalgúns feitos salientables que evidencian que a UDC vén de dar un salto cualitativo na súa curta historia.

- En primeiro lugar, demostramos eficacia e versatilidade para “ler” o noso tempo e irmos por diante en cambios estruturais de gran calado, como é a preparación e posta en marcha dos primeiros posgraos oficiais, xa no curso 2006-2007. Recibimos os primeiros estudantes para sete másteres oficiais propios e para outros cinco interuniversitarios. Abrimos un camiño, non exento inicialmente de incertezas e dúbidas, que nos devolve a imaxe dunha institución capaz, moderna e atractiva.

- Imos na vangarda do Estado en materia de avaliación da calidade. Servizos, titulacións e profesorado foron pasando por estes mecanismos de control, que xa se repetiron no caso dalgunhas titulacións ou que incorporan novos ámbitos, como os laboratorios de investigación. No mesmo nivel, desenvolvemos a avaliación docente e a formación do profesorado. Falar de futuro é falar de calidade. Estar no espazo europeo implica calidade. Competir require calidade. E sobre todo, ser un servizo público estratéxico na sociedade da información esixe calidade. Non hai outro camiño.

- Fomos quen de sanear as nosas contas. Consolidamos o equilibrio económico mediante o rigor e a disciplina orzamentaria. Á vista están as nosas contas: son públicas. Os cadros da evolución dos pagamentos reflicten a significativa mellora na xestión. Aproveitamos mellor os recursos dispoñibles e a eficacia permitiunos medrar en cuestións básicas, como as bolsas ou as infraestruturas.

- Neste ámbito das infraestruturas, quero salientar a inauguración, no campus de Elviña, do Edificio Xoana Capdevielle, que leva un nome querido e sentido na nosa cidade. As novas instalacións permitíronnos desconxestionar este edificio da Maestranza, habilitar espazos para dependencias coma o novo Rexistro e o Centro de Documentación e Arquivo e descentralizar algúns servizos que, como no caso da Vicerreitoría de Infraestruturas,



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

conviña que estivesen no mesmo campus. Para isto, remodelamos o proxecto inicial do novo edificio e fixemos posible a inclusión dunha gran sala de estudo preparada para acoller a 678 alumnos e alumnas. Deste xeito, a nosa oferta total de postos específicos para estudo chega xa aos 1.546. Neste terreo había unha urxencia desatendida á que lle demos a reposta oportuna.

■ Outra carencia histórica desta Universidade era a inexistencia de residencias universitarias. Por fin, a sinatura dun convenio coa Consellería de Vivenda, por un importe de máis de seis millóns de euros, permítenos afrontar os primeiros pasos da construción dunha área residencial no campus de Elviña-A Zapateira. E non quero deixar de anotar tamén a novidade na súa concepción, que ven de ser imitada desde o goberno central. A grave carencia de prazas de residencia universitaria resolverase na Coruña coa construción desta área, para a que se elaborou un expediente de expropiación de 45.000 metros cadrados.

■ A creación do Parque Tecnolóxico era outra necesidade histórica sen cubrir e que ven reforzar o perfil tecnolóxico da nosa universidade. Sen descoidar os outros ámbitos, igualmente necesarios para a nosa concepción de universidade pública e integradora de saberes, cremos necesario centrar boa parte dos nosos esforzos de 2006 en sentar as bases dun punto de converxencia vital: aquel que se dá entre a investigación universitaria e as empresas. Habida conta do contexto político e económico no que nos movemos e da rapidez coa que se producen os cambios neste contorno, intensificamos o traballo para poder dicir hoxe aquí que se rematou o deseño da estrutura societaria e dos contidos do parque. Están xa constituídas, como se expresa na Memoria, as sociedades xestoras do CITEEC, do CIT e do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Por certo, o edificio que acollerá este terceiro centro tecnolóxico da UDC está xa rematado e en fase de amoblamento e cableado.

▶▶▶▶ **A** suma de persoal docente e investigador e de persoal de administración e servizos achegaranos posiblemente durante este ano



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

2006 aos 2.100 traballadores. Permítanme dicir que en 2004, cando asumimos o goberno da Universidade, tiñamos as ideas moi claras canto a política de persoal:

— En materia de profesorado aplicamos –creo, sinceramente, que con éxito– unha política de estabilización, promoción e renovación con froitos moi positivos, que están á vista. Temos case completado o proceso de regularización do profesorado asociado a tempo completo. A tantas veces citada transitoria terceira dos estatutos ampliouse con criterios de flexibilidade a outras figuras de profesorado. O resultado, tres anos despois, fala de seu: temos un total de 122 axudantes doutores, colaboradores ou contratados doutores. Do mesmo xeito, evidenciouse a eficacia das convocatorias para crear prazas de axudantes e para incentivar a xubilación voluntaria.

— Para alén do anterior, as tres universidades e as centrais sindicais asinaron o primeiro convenio colectivo do PDI laboral do Sistema Universitario Galego. Pola nosa parte, aprobamos en decembro a primeira RPT do persoal docente e investigador.

— En paralelo, o persoal laboral de administración e servizos puido, por fin, renovar o seu convenio colectivo, que afecta a trescentos traballadores. Na liña do consenso, desexado e buscado noutros ámbitos, este acordo tamén se asinou co apoio de todas as forzas sindicais.

▶▶▶▶ **Q**uixera mencionar brevemente dúas iniciativas, emprendidas en 2006, polo grao de simbolismo que encerran e que eu quixera salientar, porque expresan o compromiso da Universidade coa sociedade e co noso país.

Falo, en primeiro lugar, do Plano de Normalización Lingüística, elaborado con ampla participación da nosa comunidade e finalmente aprobado sen votos negativos. O Plano propón obxectivos realistas e medidas xerais e específicas que, co compromiso de todos nós, se irán poñendo en marcha de xeito progresivo.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

En segundo lugar, quero referirme á creación da Oficina de Igualdade de Xénero, un pasiño máis na nosa idea dunha universidade aberta e sen discriminacións. Pretendemos darlle a esta oficina un sentido transformador e operativo claro, como instrumento colectivo, lonxe do risco de caer no simple testemuñalismo.

▶▶▶▶ ● 2006 avanzou coa reforma da LOU en tramitación parlamentaria e rematou cun claro empurrón governamental á transformación da estrutura dos títulos, que ten que estar vixente antes do 2010. Sen dúbida, o ano en curso, aprobada a nova LOU e aceleradas as reformas, traerá novidades importantes. Neste contexto de cambios, que serán ás veces pouco menos que revolucionarios, mantemos o optimismo e a fe nas nosas capacidades.

Este optimismo e esta fe debemos e queremos transmitírllela aos máis de 25.000 alumnos e alumnas que se acolleron á nosa oferta de estudos oficiais ou propios. Saiban que a Universidade da Coruña soporta ben as consecuencias da caída demográfica e que conta coa confianza do estudantado, que esperamos dispoña pronto do seu propio Estatuto. E esta é unha iniciativa que, dito sexa de paso, o meu equipo de goberno emprendeu xa antes de que se incluíse na nova lei estatal.

Somos máis que nunca unha universidade moderna e innovadora. Estamos especialmente atentos para manter o ritmo dos tempos e responder ás esixencias, sólidas e diversificadas, da sociedade. Non só temos capacidade de resposta: tamén sabemos interrogar ao futuro.

Porque a Universidade da Coruña xa fala e continuará a falar, non o dubiden, na lingua do futuro.

Máis nada, de momento. Moitas grazas.

A Coruña, 13 de abril de 2007